CA5.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión lingüística e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando a lingua		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento da lingua		
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos cunha actitude de respecto e valoración da riqueza a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas segundo a difusión		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a partir da reflexión e a análise da lingua		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais	TI	56
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia da comunicación		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións, mantendo unha actitude crítica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese segundo xéneros diferentes con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e adecuación		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas de interese, cunha planificación previa		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elaborar traballos de investigación autónomos sobre temas curriculares de interese que impliquen organizar e integrar a información e reelaborándoa creativamente sendo crítico		
CA3.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	Avaliar a veracidade de noticias e informacións, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica		
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	laborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América. - Estratexias de reflexión interlingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia

Contidos

- dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística.
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.

Contidos

- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
- Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
17	A prosa o teatro barrocos.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia da comunicación	PE	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise dos seus elementos co contexto sendo crítico		
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión lingüística e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando a lingua		
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elaborar traballos de investigación autónomos sobre temas curriculares de interese que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información reelaborándoa creativamente sendo crítico		
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector mediante a explicación argumentada dos criterios de selección		
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Partillar a experiencia lectora establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas	TI	62
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolver proxectos de investigación nunha exposición oral, ensaio ou presentación establecendo vínculos argumentados entre a literatura española e outros textos e manifestacións artísticas		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria coa axuda doutras linguaxes artísticas a partir da lectura de obras ou fragmentos segundo xéneros distintos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía activa, destinada a unha aprendizaxe práctica, significativa e funcional, que aproveite o dinamismo, os intereses dos xóvenes e os seus coñecementos previos nunha formación comunicativa o máis integradora que sexa posible. Con vías a este obxectivo, e xa nun nivel máis práctico, a metodoloxía didáctica no tratamento da lingua implicará:

A. Integrar de maneira axeitada o tratamento teórico e conceptual coa reflexión deductiva e inductiva por parte do alumnos. A actividade académica irá, deste xeito, enfocada á espertar a capacidade do estudante de elaborar as súas propias reflexións e conclusións (CCL, CAA)

B. Fundamental aspecto metodolóxico será o traballo con textos de diversas procedencias (xornalísticos, literarios, teóricos, publicitarios, cinematográficos, radiofónicos). O tratamento de textos implica, como é fácil supoñer, a meirande parte dos contidos da materia: reflexión crítica, comentario, extracción de información, tratamento de información, contraste de datos, interpretación de gráficos e sistemas, etc. A comprensión integral dos textos é, probablemente, a máis importante labor dentro de calqueira materia lingüística (CAA, CCL, CMCT, CSIEE).

C. As actividades didácticas traballadas na aula serán variadas e traballarán moi diferentes aspectos, atendendo á diversidade de intereses, de motivacións e de coñecementos dos distintos alumnos. Neste sentido, poderanse ter en conta as seguintes:

a. actividades de detección de coñecementos previos: comentario de imaxes, lectura de textos, visionado de vídeos, minidebates...

b. actividades de lectura e interpretación: xa sinaladas como fundamentais no punto B. Dentro deste tipo de

actividades hai que subliñar a natural importancia do libro de texto e das obras de lectura literaria coas que se traballará na aula,

dentro do ámbito do plan lector do centro (CCL).

c. actividades de creación: redacción, produción de textos orais e escritos, de acordo co estudo das diversas tipoloxías textuais (CSIEE,CAA).

d. actividades de investigación: dadas as necesidades de tempo e de espazo (aulas de informática, uso da biblioteca) serán necesariamente limitadas a un proxecto por curso. Estas actividades de grupo incentivan a autonomía e a reflexión e contribúen a acostumar ao alumno a traballar con moi distintas fontes de información, fomentando asimesmo a interdisciplinariedade. (CAA, CMCT, CSC, CD).

e. actividades de traballo e exposición: elaboración de murais informativos, proxeccións, presentacións en power point). Os traballos de aula poden e deben ter unha certa notoriedade pública unha vez realizados. A exposición pública e a explicación das producións individuais ou colectivas do alumnado forman parte moi necesaria da súa avaliación. Non se trata só de traballar senon tamén de submeter a crítica por todos os demais compañeiros o traballo realizado (CAA, CSIEE).

e. actividades de dramatización: lectura pública de textos, recitación poética, representación dramatizada de escenas teatrais, representacións públicas no salón de actos do centro (colaboración nos diversos galos académicos e nas celebracións conmemorativas). A colaboración do departamento nas actividades e conmemoracións que afectan a todo o centro é habitual (día do libro, día da muller, todos os santos, nadal, día da paz...) (CCL, CSC).

f. actividades de avaliación (controis e probas obxectivas orais e escritas).

g. actividades de reforzo. Para os alumnos que presenten dificultades no seu desenvolvemento académico.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais por curso

Materiais por curso

1º Bacharelato (L. castelá)

Libro de texto Apuntamentos do profesor

Materiais complementarios

Material informático da editorial, páxina web de ortografía do centro, material fotocopiado, grabacións, xornais, dicionario de lingua castelá, dicionario etimolóxico, dicionarios enciclopédicos e enciclopedias temáticas, obras literarias do temario

OBRAS DE LECTURA OBLIGATORIA DE CLÁSICOS HISPANOS

a. El conde Lucanor, Ed. Vicens Vives, de Don Juan Manuel

b. La Celestina, Ed. Vicens Vives, de Fernando de Rojas

c. La vida es sueño (pdte. a elección da editorial), de Calderón de la Barca

Recursos didácticos dispoñibles no centro

Biblioteca Préstamo de libros, consulta in situ de manuais, enciclopedias, obras de lectura, dous ordenadores de consulta, dous portátiles, pantalla...

Aulas TIC (2) Dotadas de material informático, ordenadores, canón de proxección e pizarra dixital. Hai que solicitala. Non sempre dispoñible.

Aula de referencia Ordenador portátil, canón de proxección, pantalla e, por suposto, encerado e tiza.

Salón de actos para representacións e actividades comúns. Dispón tamén de ordenador, equipo de música e canón de proxeccións. Aforo para 150 persoas aproximadamente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é un instrumento importante para a pronta detección e subsanamento de problemas ou carencias de aprendizaxe (conceptuais e/ou procedimentais) dos alumnos na educación secundaria. A pronta identificación destas carencias permitirá, coa axuda dos medios proporcionados pola equipa de orientación do centro, a toma das medidas de corrección e apoio máis axeitadas no período de tempo máis reducido que sexa posible. A este efecto cómpre que a realización da avaliación inicial se produza nos primeiros días do curso (data límite do 1 de outubro) e

que os procedementos que a determinen teñan un carácter xeral e básicamente competencial (é dicir, que verse sobre competencias comunicativas e intelectivas básicas, e non sobre conceptos abstractos ou memorísticos ligados aos contidos dos cursos anteriores). Os procedementos para a avaliación inicial dos alumnos de ESO serán os seguintes:

a. realización dunha exposición oral, na que, coa axuda dun breve guión, tras recabar e organizar a información necesaria nuns minutos, o alumno expoña unha breve presentación de sí mesmo ou dun compañeiro, os seus intereses e experiencias, os seus gustos en relación cos estudos, obxectivos fundamentais da súa vida, etc. Trátase dun procedemento para pre-avaliar posibles deficiencias na expresión verbal (pronuncia, expresión, adecuación) e na organización de ideas sinxelas.

b. realización dunha proba de redacción sobre un tema dado, cercano á experiencia do alumno: que espera do novo curso, que expectativas ten, como lle foi na súa anterior etapa académica... Esta redacción amosará o dominio da competencia en lingua escrita que o alumno ten acadado: detectaránse así as posibles deficiencias na cohesión textual, na ortografía, presentación e organización textual.

c. realización dunha proba de comprensión textual sobre un texto lido en voz alta na clase polos propios alumnos. Nesta proba poderán tamén plantexarse cuestións relacionadas cos conceptos e o vocabulario básicos que poidan garantir un bo seguemento dos contidos da materia no curso presente. Esta proba permitirá detectar as posibles deficiencias na capacidade lectora (pronuncia, fluidez, entoación...) e na comprensión lectora. Asimesmo, tamén permitirá coñecer o punto de partida do alumno en conceptos básicos da materia (reflexión sobre a lingua).

d. consulta dos profesores anteriores (de ser posible) ou do expediente anterior do alumno en coordinación coa equipa de orientación do centro. Esta información é de grande utilidade para a proposta de medidas de apoio adecuadas a cada caso concreto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	5	5	5	10	5	5	5	5
Proba escrita	46	62	36	70	30	65	60	38	36	70
Táboa de indicadores	54	38	64	30	70	35	40	62	64	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	5	5	5	5	100
Proba escrita	80	48	38	44	38	44	38	50
Táboa de indicadores	20	52	62	56	62	56	62	50

Criterios de cualificación:

IMPORTANTE: todos os traballos académicos susceptibles de ser sospechosos de haber sido realizados mediante intelixencia artificial serán nulos e non tendrán absolutamente ningún efecto en las calificacións académicas.

Os criterios de cualificación para 1º de Bacharelato son os seguintes:

Os exames da materia poderán ser un mínimo de dous por avaliación, e avaliarán os contidos da materia de acordo coa seguinte proporcionalidade:

Os contidos dividiránse en dúas partes, gramática-redacción-comunicación, cun valor do 50% da nota final, e literatura-obras de lectura, voluntarias e obrigatorias cun valor do 30%, 10% e 10% respectivamente. Polo tanto, realizaranse varias probas escritas ao longo de cada trimestre: unha relativa á lectura obrigatoria (10%), outra

relativa aos contidos de educación literaria (30%), outra para os contidos de lingua (50%) e outra para as lecturas voluntarias (10%).

Os criterios de avaliación proporcionan unha guía aproximada dos contidos e procedementos dos que será obxecto a avaliación da materia. Con todo, debe terse en conta que na avaliación dunha materia como a Lingua Castelá existen elementos como a corrección e a expresión que son en sí mesmos esenciais, non só por ser básicos na calificación da materia en si, senon tamén por ser esta materia fundamento no avance do alumno na aprendizaxe da calquera outra disciplina, sexa esta da índole que sexa. A boa expresión lingüística, o dominio dos rexistros e posibilidades expresivas dunha lingua, a capacidade, en fin, de ser capaces de dicir o que sexa que queramos dicir coa claridade necesaria constitúen o alicerce, a trabe capital de calquer saber humán, e por iso precisamente serán considerados moi precisamente na avaliación final da materia.

Nas probas escritas, ademais, aplicaranse as seguintes detraccións por erros ortográficos ou de adecuación: ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos: 0,2 puntos por cada dúas faltas de ortografía diferentes que non teñan relación cos acentos; 0,2 puntos por cada tres faltas de acentuación diferentes; ata un máximo de 2 puntos por erros de expresión e presentación (marxes, parágrafos, sangrías...). Estas indicacións sobre deducións nas calificacións de probas escritas poderán ser, en todo caso, modificadas polo profesor (en ningún caso ampliando os límites impostos).

Cualificación final

A avaliación é continua, sumativa e integradora. Para superar a materia é imprescindible alcanzar un 5 en cada un dos trimestres, según as porcentaxes antes establecidas.

Para superar a materia é imprescindible alcanzar un 4 en cada unha das partes. A materia está constituída por catro partes: gramática (avaliación continua), literatura da 1ª avaliación, literatura da 2ª avaliación e literatura da 3ª avaliación. Para superar a materia hai que apobar todos estes parciais. A cualificación final da terceira avaliación obterase dacordo co seguinte criterio:

a. Farase unha media entre os tres parciais de gramática-redacción de cada avaliación (gram1 + gram2 + gram3/3) ou valorarase a última nota do alumno (se esta fose é alta e supón, por tanto, unha mellora no proceso de ensino-aprendizaxe do estudante). Esta media dará a nota final de gramática e constituirá o 60 % da cualificación final.

b. Farase unha media entre os tres parciais de literatura e lectura de cada avaliación (lit1 +lit2 +lit3/3). Esta media constituirá, respectivamente, o 30%, 10% e 10% da cualificación final.

A cualificación de xuño (ou cualificación final da materia) obterase, polo tanto, a partir da media ponderada da nota das tres avaliacións das que consta o curso. Entenderase superada a materia correspondente ao curso cando a devandita media sexa igual ou superior a 5, sempre que todas as probas parciais (gramática, literatura 1, 2 e 3) estean por riba do 4. Se algún parcial está por debaixo desa nota, aínda que a media final sexa superior ao 5, considerarase o curso non aprobado

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de facilitarlle a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

En todo caso, a nota da avaliación extraordinaria será sobre 10 puntos e o alumno tera a nota que obtena no exame da convocatoria extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

8b4. Pendentes de 1º de BACHARELATO

A materia componse de dúas partes: lingua, literatura e lecturas.

A recuperación destes alumnos, de acordo cos criterios establecidos na Programación do Departamento para o presente curso, poderase obter:

A. Se o alumno aproba a parte de lingua na primeira e segunda avaliación do curso no que se atopa (2º) e o profesor que imparte a materia comunica oficialmente antes da avaliación de pendentes (maio) que o alumno se considera recuperado desa parte da materia de primeiro, terá que presentarse só á parte de literatura e lecturas.

B. Posibilidade de realización dunha proba escrita durante o mes de xaneiro que se puntuará como apto ou non apto, e que eximirá ao alumno da presentación do exame ordinario de recuperación de pendentes do mes de marzo ou abril, segundo fixe Xefatura. Se o alumno aproba a 1.ª avaliación de 2.º de bacharelato, pode presentarse a esta proba só coa parte de lecturas e literatura; se é calificado apto, queda condicionado o seu aprobado á calificación obtida na segunda avaliación na parte de lingua. De non superar a primeira avaliación do 2.º curso de bacharelato, presentarse a esta proba e non resultar apto nas tres partes, conservarase a parte aprobada de cara ao exame ordinario de recuperación de pendentes (apartado C).

C. Se o alumno aproba o exame ordinario de recuperación de pendentes que se realizará no mes de marzo ou abril (colocado por xefatura de estudos), ou o exame extraordinario de recuperación. Poderán presentarse a estas probas todo os alumnos que non superaran a materia mediante os procedementos descritos nos puntos A e B.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.

As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou

o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información realizarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada materia.

Coa finalidade de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporárase a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das modalidades, as vías e as materias ás que se refiren os artigos 9, 10 e 11 sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.

Atención á diversidade

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.

2. A escolarización e a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexeráse polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso ao sistema educativo e na permanencia nel. Así mesmo, fomentarase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado con discapacidade. Para iso estableceranse as medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas de accesibilidade e deseño universal que sexan necesarias para conseguir que este alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Entre estas medidas estarán as de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, para este alumnado. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como na normativa que o desenvolve.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X				X	X	
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	X	X				X	X	
ET.3 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.			X					X
ET.4 - Afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social				X		X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.				X		X		X
ET.3 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X				X		X	
ET.4 - Afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17
ET.1 - A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	

	UD 17
ET.3 - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X
ET.4 - Afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X

Observacións:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lectura de mitos clásicos	En colaboración co Dpto. de Latín			
Grabación de vídeo poemas	En colaboración co Dpto. de Ed. Plástica, Visual e Audiovisual			
O espectáculo Ahora mismitos	Conxuga expresión oral, estímulo lector e contidos de cultura clásica e literatura			
Saída ao teatro	En función da programación de localidades cercanas			

Observacións:

A participación en proxectos interdisciplinares permitirá ao alumnado aproveitar os recursos adquiridos nunha materia para alcanzar os obxectivos de outra. E é que, recordemos, educamos en competencias, en intelixencias, en habilidades para resolver de forma exitosa situacións ás que terán que enfrentarse durante o seu desenvolvemente e poidan, como dicía Guadalupe Jover, construír a vida. En colaboración co Dpto. de Lingua Galega e Literatura baraxarase algunha actividade que conxugue os coñecementos lingüísticos comúns a ambas materias, poñendo en valor así a riqueza lingüística da nosa comunidade

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Identifica axeitadamente aos alumnos con máis dificultades.

Avalía axeitadamente as principais competencias comunicativas, lingüísticas e estéticas dos alumnos
Organiza axeitadamente os contidos de maneira que o seguemento das clases é máis fácil.
Motiva e estimula aos alumnos descubríndolles novos temas sobre os que discorrer desde a súa experiencia.
Resulta didáctico e aclarador, de fácil uso, intuitivo para o alumno
Propón actividades interesantes que permiten o desenvolvemento de competencias e estándares.
Permite un bo tratamento da diversidade e propón actividades de reforzo
Motivan aos alumnos para efectuar novas lecturas
Habilitan para a millora das habilidades léxicas.
Permiten o tratamento de temas transversais
Suscitan a reflexión crítica sobre temas de actualidade.
Utilízanse medios dixitais para dinamizar as clases.
Permiten combinar o traballo individual e de grupo.
Altéranse diversos tipos de material expositivo para o desenvolvemento da materia.
Permite unha visión completa do temario.
Axústase ás características dos alumnos.
É susceptible de modificación e non demasiado ríxida.
Repártese equitativamente o tempo entre o profesor e os alumnos
Os alumnos participan activamente no desenvolvemento das actividades.
Combínase o traballo individual e colectivo (por parellas, por pequenos grupos) dentro do gran grupo.
Posibilítase real e efectivamente a recuperación de alumnos con avaliacións parciais suspensas.
Contempla un espazo para os alumnos cun grao elevado de excelencia académica.
As probas obxectivas amosan suficientemente a competencia verbal e comunicativa do alumno
Combínanse diferentes tipos de proba para a avaliación final do alumnado (individuais, de grupo, orais, escritas, exames, traballos...).
As calificacións finais considéranse xustas e reflicten unha evolución positiva do alumnado.

Descrición:

Os procesos de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente aglutinan unha importante cantidade de subprocesos ou fases, ámbitos de reflexión e actuación, instrumentos, etc., cada un dos cales é susceptible de avaliación. Todo modelo de autoavaliación proposto sobre estes aspectos, así, só pode ter un carácter provisorio e parcial. A seguinte rúbrica plantexa, pois, unha posibilidade de avaliar estes procesos entre outras, que pode e debe ser tomada simplemente como un punto de partida que pode ser mellorado e completado en anos sucesivos, como un edificio en permanente construción. Esta proposta establece a avaliación do proceso de ensino a partir de catro dos seus aspectos:

a. o proceso de avaliación inicial: que implica a toma de contacto cos alumnos, a busca de intereses, o

recoñecemento da diversidade das aulas, etc.

b. o proceso da práctica na aula: a relación entre alumno-profesor, a interacción na aula, o desenvolvemento da materia, a orde temporal da actividade...

c. a metodoloxía: íntimamente ligada ao punto anterior, o modo en que os diferentes medios didácticos se integran no proceso de ensinanza.

d. a avaliación final: entendida como o momento final do proceso de ensino, co que -só en certo modo- conclúe.

Sobre estes catro aspectos propóñense diversos indicadores de logro avaliábeis que tentan reflectir ata que punto se alcanzan os obxectivos destes procesos nos diferentes aspectos reseñados. Cada indicador debe ser avaliado e permite facer observacións (terceira columna) ou plantexar melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Co fin de realizar o seguimento da temporalización dos contidos así como a aplicación dos distintos criterios de avaliación, cualificación, metodolóxicos, etc. a programación, por demais, está submetida á supervisión continuada dos membros do Departamento, quen, desde as reunións periódicas mensuais, avaliarán os problemas de adaptación e desenvolvemento dos distintos puntos da mesma, procurando, se é factible, solucións aos problemas detectados.

9. Outros apartados